



## PRÉSTAMOS DIRECTOS PARA O FINANCIAMENTO EMPRESARIAL (2024)

### Concurrencia non competitiva



#### Prazo de presentación:

Dende as 8:00 h. do 16 de xaneiro ata ás 14:00 h.  
do 29 de novembro de 2024

Orzamento  
30.000.000 €



## »» QUE OFRECE?



### Préstamos directos para o financiamento de:

- Proxectos de investimento de máis de 1.000.000€
- Actuacións e operativa de centros tecnolóxicos, asociacións empresariais, fundacións e entidades que desenvolvan actividades económicas, actividades de I+D ou presten servizos de interese para o tecido empresarial galego
- Operativa das empresas da industria auxiliar da construción naval
- Circulante das empresas de transformación e comercialización de produtos da pesca e acuicultura, e para a industria manufacturera
- Implantación de empresas galegas no exterior

## »» PARA QUEN

- Grandes empresas, pemes e persoas autónomas.
- Asociacións empresariais e centros tecnolóxicos.

## »» AXUDA DO IGAPE

#### Axuda implícita:

- Bonificación de ata **5 puntos porcentuais do tipo de xuro** das operacións.
- O tipo resultante **non poderá ser inferior ao 2%**.



## PRÉSTAMOS DIRECTOS PARA O FINANCIAMENTO EMPRESARIAL (2024)

### »» CARACTERÍSTICAS DOS PRÉSTAMOS

#### IG260 PRÉSTAMOS PARA INVESTIMENTOS ESTRATÉXICOS

- »» Financiamento de proxectos de **novos investimentos, ampliación da capacidade produtiva e/ou mellora de instalacións existentes.**
- »» **Investimento mínimo:** 1.000.000€ en activos fixos.
- »» **Préstamo máximo:** 50% do investimento cun límite de 5.000.000 €.  
Non se aplicarán os límites nos casos de proxectos industriais estratéxicos, proxectos incluídos no Plan de Impulso e Aceleración de Proxectos Industriais, ou proxectos que formen parte dun proxecto global que conte con algunha das declaracións anteriores e aqueles considerados de especial interese social e/ou económico para Galicia polo Consello de Dirección do Igape. Ademais, nestes casos os préstamos poderán ter unha duración de 15 anos.
- »» O investimento financiable **poderá incluír o incremento de capital circulante vinculado ao investimento, que non poderá superar o 50% do mesmo.**
- »» **Prazo:** ata 12 anos, coa carencia que requira o proxecto.

MÁIS INFORMACIÓN



#### IG262 PRÉSTAMOS PARA FINANCIAR A OPERATIVA DE CENTROS TECNOLÓXICOS, ASOCIACIÓNS EMPRESARIAIS, FUNDACIÓNS E ENTIDADES QUE DESENVOLVAN ACTIVIDADES ECONÓMICAS, ACTIVIDADES DE I+D OU PRESTEN SERVIZOS DE INTERESE PARA O TECIDO EMPRESARIAL GALEGO

- »» **Financiamento das actuacións** de centros tecnolóxicos, asociacións empresariais, fundacións e entidades que desenvolvan ou proxecten desenvolver actividades económicas, de investigación e desenvolvemento ou presten servizos de interese para o tecido empresarial galego.
- »» **Investimento mínimo:** 100.000 €.
- »» **Préstamo máximo:** do 75% do investimento financiable, cuns límites inferior e superior de 75.000€ e 1.500.000€.
- »» **Prazo:** ata 12 anos, podendo incluír carencia na amortización de principal.

MÁIS INFORMACIÓN



Solicita a túa axuda en [www.tramita.igape.es](http://www.tramita.igape.es)



## PRÉSTAMOS DIRECTOS PARA O FINANCIAMENTO EMPRESARIAL (2024)

### IG269 PRÉSTAMOS PARA FINANCIAR A OPERATIVA DA INDUSTRIA AUXILIAR NAVAL

- » Apoio financeiro a empresas que desenvolven actividades no sector da industria auxiliar da construción naval, para permitirllas **financiar a longo prazo pagos operativos**, dispoñer dun **fondo de manobra** suficiente e/ou **dispoñer de garantías pignoraticias** para acceder aos avais técnicos e financeiros necesarios para a súa actividade na subministración de bens e servizos para proxectos concretos de construción naval, a desenvolver en Galicia.
- » **Importe: entre 300.000€ e 1.000.000€**, e poderá destinarse exclusivamente a pagos operativos.
- » **Prazo: ata 6 anos**, con 2 de carencia na amortización de principal.

MÁIS INFORMACIÓN



### IG286 PRÉSTAMOS PARA FINANCIAR CIRCULANTE DAS EMPRESAS DE TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS DA PESCA E ACUICULTURA, E PARA A INDUSTRIA MANUFACTUREIRA

- » Financiamento de capital circulante naquelas situacións nas que se manifeste a **necesidade de afrontar coas entidades financeiras a prestamización de operacións de circulante, reestruturación de pasivos, negociación de carencias, etc.** para acomodar as obrigas de reembolso dos pasivos aos fluxos de efectivo xerados polas operacións da empresa. Os préstamos do Igape aportarán nova liquidez complementaria, sen aplicarse a cancelar débeda bancaria.
- » **Importe: entre 300.000€ e 1.000.000€**, e poderá destinarse exclusivamente a pagos operativos.
- » **Prazo: 8 anos**, con 2 de carencia na amortización de principal.

MÁIS INFORMACIÓN



### IG298 PRÉSTAMOS PARA FINANCIAR A IMPLANTACIÓN DE EMPRESAS GALEGAS NO EXTERIOR

- » Apoiar financeiramente a empresas con **centros de traballo maioritariamente situados en Galicia, que poñan en marcha novos establecementos permanentes, sucursais e/ou filiais no exterior**. A actuación deberá encadrarse no marco dun plan de expansión internacional da empresa no que se contemple o mantemento do emprego en Galicia.
- » **Importe: entre 300.000€ e 1.000.000€**.
- » **Prazo: 12 anos**, con 2 de carencia na amortización de principal.

MÁIS INFORMACIÓN



Solicita a túa axuda en [www.tramita.igape.es](http://www.tramita.igape.es)